

## **ACTA ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA 28-09-2020**

Sendo as 18:17 e estando reunidas presencialmente nas aforas das instalacións do IME, por parte da xunta directiva :

O presidente Miguel Álvarez, o secretario Oscar Souto, a tesoureira Vanessa Sanchez , a voceira Bertila Fernández, a vogal Belén Fernández, a vogal Jessica Montero e de xeito online, a vicepresidenta Paula Verde.

E de xeito presencial as seguintes ANPAS:

- CEIP García Barbón
- CEIP Chans –Bembrive
- IES Castelao
- CEIP Alexandre Bóveda
- EEI Monte da Guía
- CEIP Paraixal
- CEIP Castelao-Navia
- CEIP A Doblada
- CEIP Escultor Acuña
- CEIP Javier Sensat
- CEIP Coutada beade
- CEIP Mestres Goldar
- CEIP Ría de Vigo
- CEIP Igrexa Chapela
- CEIP Párroco Don Camilo
- CEIP San Salvador Teis
- CEIP Emilia Pardo Bazán
- CEIP Otero Pedrayo
- CEIP Carballal-Cabral
- CEIP Carrasqueira
- CEIP Seis do Nadal
- CEIP Balaídos
- CEIP Lope de Vega
- CEIP Ramón y Cajal

E de xeito online:

- CEIP Valle Inclán
- CEIP Tintureira
- CEIP Igrexa Candeán
- CEIP Eduardo Pondal
- CEIP Sobreira
- CEIP Pombal
- CEIP Mosteiro
- CEP Fleming
- CEIP Josefa Alonso
- EEI Cristo da Victoria
- CEIP Canicouva
- CEP Santa Tegra
- CEIP Illas Cíes
- CEIP Pintor Laxeiro
- CEIP Frián Teis
- EEI Aragón
- CEIP Virxe do Rocío

Coa seguinte orde do día:

- 1. Actividades extraescolares (valoración da súa xestión neste curso escolar) e aulas matinais: Valoración do Protocolo relacionado e votación.**  
**Seguidamente convocarase xuntanza de comedores das ANPAS que xestionan os seus comedores onde estarán convocados os comedores da rede, ANPA do A.R.Castelao, ANPA Igrexa Chapela e ANPA Alexandre Bóveda asociadas a FOANPAS (xestionan comedores)**
- 2. Aprobación ou non do protocolo comedores e aulas matinais asinado pola Consellería de Sanidade**

- 1- Escomeza a sesión da man do presidente Miguel Álvarez, expoñendo o motivo desta asemblea, e facendo un breve resumo da historia da federación.

Despois desta introducción, pasa a falar do traballo realizado dende o confinamento:

Fixéronse as webinars para seguir ofrecendo formación as familias, loitouse pola problemática da fenda dixital e social, coa confederación ANPAS Galegas pediuse anticipación e máis recursos, pero non houbo resposta, fixemos un manifestó en conxunto con FANPA para que cambiasen o protocolo por estar en desacordo con el, e finalmente despois de varias reunións e escritos preséntase este novo protocolo, o cal está adaptado de un que redactara FANPA, por un médico epidemiólogo da USC, o xefe de sección de anestesia do CHUS e un biólogo Molecular que nos axudaron de xeito voluntario e desinteresadamente.

Hai un aumento do 10,09% con respecto do ano anterior, da adxudicación da subvención de comedores da consellería de educación , que será empregada para monitoraxe dos comedores escolares da rede , así mesmo, a Xunta de Galicia publica na súa web unha suba sustancial, da que descoñecemos o importe porque os presupostos da Xunta aínda non se elaboraron, da partida da Subvención de comedores escolares xestionados polas Anpas cara este curso 20/21.

Dase paso a Roxelio, presidente de FANPA, para falar do traballo realizado en conxunto e destacar que non podíamos asumir competencias nin responsabilidades neste eido, e que se sufriron moitas presións por este tema.

Miguel toma a palabra novamente, para indicar que o Concello garantizounos mediante e-mail recibido, a limpeza e desinfección dos comedores.

Volvendo coa Xunta destácase que os profesores seguen sendo insuficientes e que a xunta actuou tarde e mal para arranxar o problema da fenda dixital, aínda que temos coñecemento da aprobación dun concurso para a compra de 20.000 ordenadores.

Arume mandou un escrito coa subrogación dos empregados , pero nós presentámoslle un escrito feito por Optimaley decindo que non hai base legal para que se leve a cabo.

Conclue a súa intervención, indicando o sobreesforzo humano feito pola xunta directiva, que inclusive vai máis aló do voluntariado.

Pasaselle a palabra a Bertila Fernández destacando que a nosa federación é atípica porque a nosa filosofía é a esencia do Ensino Público. Fala tamén de que os comedores é algo que no seu momento collimos por estar ombreiro con ombreiro, pero realmente non ten sentido facelo e a Xunta debería facerse cargo deles.

Miguel fala das extraescolares, indicando que non están incluídas no protocolo, e que inclusive ADICOPUVI indicounos que eles crían que era mellor non facelas ate xaneiro como mínimo. Dende FOANPAS intentaremos falar co Concello para ver se podemos conseguir que se fagan máis actividades que poidan cubrir este termo dende alí.

Escomeza o debate con bastantes intervencións dos representantes das ANPAS para despois proceder a votación. Neste debate destaca que as liñas vermellas que marcamos nunha

asamblea anterior (13/08) non están neste protocolo, que non queda clara a nosa exención de responsabilidade, e iso produce inquedaanza nalgunhas ANPAS, e que todas temos claro que nós non deberíamos estar a facer esta labor que é propia da Administración autonómica. Algunhas ANPAS non están de acordo en que o protocolo este feito pola federación, e non fose a propia Xunta quen o elaborase ou que o leve a práctica alo menos.

Por outra banda tamén destacan que as familias precisan deste servizo mal chamado complementario para poder conciliar e que hai nenos que a única comida decente que teñen o día é, precisamente, a que se da nestes servicios , e que inda que non é todo o que queríamos si que se conseguiron algunhas cousas.

O CEIP Canicouva, pide que conste en acta que non están de acordo con este protocolo.

O CEIP Alfonso Rodríguez Castelao solicitou a acta da Xunta Directiva Foanpas donde decidiuse enviar o protocolo a Xunta.

**2- Votación sobra a proposta de Protocolo de adaptación o contexto da COVID19 nas aulas matinais e nos comedores escolares:**

- Procédese a votación de apertura de garderías matinais, o resultado é de 29 síes, 12 noes e 2 abstencións.
- Procédese a votación de apertura de comedores escolares, o resultado é de 21 síes e 6 noes.

O presidente de Foanpas fai constar que esta Xunta Directiva actual expira o seu mandato entre o 20 e o 30 de Outubro e non van a continuar, nesas datas celebrárase una Asamblea Xeral Ordinaria para que se presente unha nova Xunta Directiva e una Asamblea Xeral Extraordinaria para mudar algunhas cuestións nos Estatutos de Foanpas pendentes dende fai tempo.

Sen nada máis reseñable, péchase a sesión as 20:35

O Secretario de FOANPAS

VºBº Presidente de FOANPAS

Oscar Souto

Miguel Álvarez